

NOTA: Pode descargar unha versión deste documento en formato modificable na ficha de documentación do cuestionario de solicitude (oficina virtual do IGAPE)

## PROGRAMA “PROFESIONAIS 4.0”

### MEMORIA DO PROXECTO – CONTIDO MÍNIMO

Este documento é unha guía orientativa do contido mínimo que ten que ter a memoria da solicitude da axuda do programa “Profesionais 4.0”.

Podedes estendervos a outros aspectos non mencionados aquí e que vos parezan relevantes para a mellor comprensión do proxecto, pero sen excedervos. Valorarase a claridade, precisión e concisión da descrición.

#### 1.- BREVE PRESENTACIÓN DA EMPRESA

Queremos coñecer a túa empresa, cóntanos algo dela: como xurdiu, socios, traxectoria, actividade, proceso produtivo, produtos, mercados, etc. Brevemente, é só para poñernos en contexto.

Tamén nos interesa neste primeiro punto coñecer se a empresa levou a cabo no pasado proxectos de mellora en calquera ámbito, como os abordou e cales foron os resultados. No caso de que a empresa preste servizos para que outras organizacións melloren (consultoría, cluster, etc), deben indicarse os traballos realizados para terceiros.

#### 2.- PROXECTO(S) DE MELLORA

*A axuda do IGAPE consiste en compartir os gastos dunha ou varias persoas que se vaian integrar en procesos de mellora empresarial de diversos ámbitos (producción, finanzas, loxística, innovación, etc) segundo o indicado no artigo 1 das bases.*

Neste contexto, debes indicar –pódese abrir unha sección nova por cada proxecto, de existir máis dunha-:

- O lugar no que vas desenvolver o proxecto.

- O proxecto ou proxectos de mellora competitiva que vas acometer durante os 12 meses de incentivo á contratación, xunto con un plan mensual de tarefas asignadas a cada persoa. Para que poidamos valoralo, asegúrate de indicar ademais de xeito claro para cada un deles:

- Vantaxe competitiva que prevés obter
- Obxectivos a acadar
- Experiencia do equipo de traballo implicado no proxecto
- Dedicación prevista pola empresa

- Con que recursos externos se van a levar a cabo ademais da contratación incentivada, se é o caso: apoios externos á empresa, participación en outros programas públicos de axuda ao investimento ou asesoramento.

- O programa formativo no que vas encadrar ás persoas contratadas, de ser o caso. ¿Cumple os criterios do artigo 6.1.f para ser valorado?
- A identidade do titor e os seus compromisos de dedicación como tal.

### 3.- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA

Por que queres facer este proxecto? Algo non funciona ben ou queres que funcione mellor? (melloras cuantitativas e cualitativas esperadas)

*A axuda do IGAPE ven condicionada a unha serie de características das persoas contratadas. Ten en conta que en estas persoas **deben ser seleccionadas entre as que estean dadas de alta na base de datos de candidatos Profesionais 4.0**, accesible no enderezo <http://www.igape.es/profesionais4.0> antes do día no que se publique a resolución da axuda. Tendo en conta isto, sabes xa que persoas contratar ou seleccionarlas a posteriori? Cal é a dependencia do proxecto co grao de experiencia e competencias dos seleccionados?*

Como avaliarás os resultados? Cales son os indicadores da efectividade dos proxectos? Está prevista unha incorporación á organización das persoas contratadas mediante esta axuda? Cales serían as condicións que deberían darse para elo?

### 4.- RESUMO DE APLICACIÓN DE CRITERIOS

*NOTA: O procedemento de avaliación de proxectos baséase en criterios obxectivos e outros que dependen dunha avaliación técnica. É importante ter en conta que calquera diferenza entre o especificado na solicitude e o realmente contratado pode levar á revogación da axuda cando a puntuación asignada na concesión da axuda sexa maior que a que se recibiría coas contratacións efectivamente realizadas.*

Para cada un dos criterios de avaliación que aparecen nas bases reguladoras, que elementos deberíamos ter en conta para baremar o teu proxecto?